

## **CONCELLO DE NARÓN**

### **AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA**

#### **EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO:**

- Regulamento de Xantar na Casa.

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

#### **NORMATIVA:**

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### **PROCEDEMENTO**

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- Regulamento de Xantar na Casa.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 29.1, modificado pola Lei 8/2016, de 8 de xullo, establece as "Formas de prestación dos servizos sociais", contemplando que os servizos sociais serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) xestión directa; b) xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público; c) mediante réxime de concerto social previsto na lei; d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro. O Concello de Narón está adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de convenio asinado con data 09-09-2010, manifestando a vontade de formar parte da

implantación do programa "Xantar na Casa", estándose a tramitar un novo convenio de colaboración para o ano 2021. Este programa se concibe como un servizo de atención aos colectivos de persoas maiores e persoas en situación de risco de exclusión coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, prestando un apoio dentro do propio domicilio, no que se atopan cunha serie de limitacións e que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia. En base a isto, faise necesario proceder á regulación do sistema de acceso a este programa, do procedemento de concesión e xestión, e do financiamento do servizo.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 10 de xuño de 2021.